



DOMINGO, 6 SETEMBRO

TRIATLÓN CONCELLO

RIBEIRA

Cto. Xunta Galicia de
Triatlón Súper Sprint
CD/XV/IN-CLUSIVO

DENDE AS 9:00 HORAS
PRAIA DE COROSO



Para máis información e inscricións:

FEGATRI.ORG



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

FEGATRI

TRIATLÓN CIDADE DE RIBEIRA

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

Súper Sprint Junior, Xuvenil e Cadete

ORGANIZA

Club Natación Riveira
Concello de Ribeira.
Federación Galega de Triatlón e P.M.

DATA E LOCALIZACIÓN

Domingo 6 de Setembro de 2026.
A partir das 9 da mañá.
Praia de Coroso, Ribeira

HORARIO DA PROBA

08:30 - Apertura Secretaría e entrega de dorsais
09:00 - Apertura Control de material
10:00 - Saída Junior masculina
10:02 - Saída Xuvenil masculina
10:04 - Saída Cadete masculina
10:46 - Saída Junior feminina
10:48 - Saída Xuvenil feminina
10:50 - Saída Cadete feminina
Hora estimada de entrega de premios– 12:00

**Se fose necesario por cuestións de equipamento, faránse saídas inclusivas para non interferir no ciclismo.*

DISTANCIAS

Natación 300m– Ciclismo 8Km– Carreira a pé 2K

INSCRICIÓNS

So para deportistas con licenza FEGATRI ata o Martes 1 de Setembro ás 23:59.

Prezo inscrición: Cadete, Xuvenil e Junior: 10 Euros

A inscrición realizarase on-line a través da web da Federación Galega de Tríatlon e PM www.fegatri.org, no apartado [Competicións/Inscricións](#)

CLUBS.- Accederase a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas) DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Baixas e política de devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico: fegatri@hotmail.com, antes do fin do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán abonadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listas de inscrición

Publicación de listaxe provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na listaxe dáse algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en prazo que non aparecen dadas na listaxe,...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación de lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite cambios)

NORMAS DE COMPETICIÓN

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Federación Española de Tríatlon.

Saída, Transición e Meta

“Centro de deportes de raqueta”, Praia de Coroso, Ribeira.

Recollida de dorsais

Na carpa da organización de 8:30 a 9:30

Control de material

OBRIGATORIO identificarse con DNI ou documento oficial con foto e acceder con todo o material preparado ás 9:00. O peche do control será ás 9:55.

Saídas

Dez minutos antes do comezo de cada saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas.

Chegada a meta

Unha vez se pase a liña de meta, deberase ir, sen pararse, á zona próxima de pos meta, onde depositarán os seus chips nos recipientes habilitados e pasarán á zona de avituallamento.

Vestiaros e duchas

No centro de deportes de raqueta.

PREMIACIÓN

Medalla/Trofeo aos tres primeiros/as de cada categoría e xénero, e os tres primeiros clubs.

Medalla/Trofeo para persoas participantes na categoría inclusiva.

“Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono” Calquera deportista que non poida quedará entrega de premios deberá avisar a un delegado técnico ou xuíz árbitro.

A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE FACER MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO SE FOSE PRECISO POLO CORRECTO DESENVOLVEMENTO DA PROBA.